



Mediante escrito de data 4 de febreiro o Decano da Facultade de Filoloxía remite proposta de modificación de PDA presentada polo Departamento de Filoloxía Galega, en relación coa retirada da oferta de dúas materias optativas do segundo cuadrimestre a 691316 *Historia da Crítica Literaria Luso-Brasileira* e a 691533 *Literaturas Comparadas na Lusofonía*, en virtude da falla de recursos docentes para impartilas e ademáis ó haber só un alumno matriculado en cada unha delas.

No Libro da Oferta Académica do presente curso académico 2004/2005 páx. 154 ofertáanse estas materias optativas para impartir no segundo cuadrimestre: 691316 *Historia da Crítica Literaria Luso-Brasileira* e a 691533 *Literaturas Comparadas na Lusofonía*, correspondentes a Licenciatura de Filoloxía Portuguesa.

Por todo o indicado

RESOLVO

Primeiro- Retirar da oferta académica as materias 691316 *Historia da Crítica Literaria Luso-Brasileira* e a 691533 *Literaturas Comparadas na Lusofonía* de Filoloxía Portuguesa, quedando ámbalas dúas sen docencia, só para repetidores e con dereito a exame.

Segundo- Por parte da UXA do Campus Norte, procederáse a comunicar os alumnos matriculados nesas materias que poden realizar un cambio na súa matrícula, ou proceder a súa anulación e devolverlle os prezos públicos correspondentes, de se-lo caso.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2005

*O Vicerreitor de Organización Académica
E Profesorado,*

P.D. 11 de xullo de 2003 (DOG do 18 de agosto)



Cástor Méndez Paz

Sr. Decano da Facultade de Filoloxía, Sr. Director do Departamento de Filoloxía Galega, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sr. Director do OIU, -Sr. Responsable dos Servizos Informáticos, Rexistro, UXA Norte